Agora, esta actuación está en dúbida ó recibir a voceira do PP melidense e deputada nacional, Ánxeles Vázquez, unha resposta por parte do Goberno central na que se asegura que “el Gobierno, a través de la Subdelegación en A Coruña, conoce la situación del municipio de Melide, donde no ha habido incremento de la inseguridad”.

Na resposta a unha pregunta formulada por Vázquez -membro da comisión de Interior no Congreso-, o executivo estatal di que Melide conta con 9 efectivos da Garda Civil, e que o número de axentes para a quenda de noite “continúa siendo el previsto en los planes operativos”.

Ante estas informacións, o concelleiro de Seguridade asegurou ter constancia “de que a Subdelegación cumpriu a súa palabra, e que son varios os

axentes que se preocupan pola seguridade de Melide, froito do cal se apreza xa un notable descenso dos problemas de seguridade tanto nos negocios comerciais como nas vivendas privadas”.

Vixilancia no polígono

Por outra parte, o Concello de Melide presentou ante a Consellería de Industria o proxecto de instalación dun sistema de videovixilancia para o polígono industrial da Madanela, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local. Segundo informaron dende o consistorio, trátase dun circuíto pechado de televisión que permitirá o control dos movementos de persoas e vehículos que accedan ao recinto. Dotarase dun posto de control dende o que se visualizarán as imaxes en tempo real, que tamén serán almacenadas. O proxecto ten un presuposto de 252.000 euros.

Parnet-tic achega o uso de internet á poboación



Parnet-tic conta cunha aula no Multiusos de Melide

O programa Parnet-tic da Deputación da Coruña chega a Melide co obxectivo de implicar á poboación no uso da informática para realizar diversos trámites, como xestións ante as diferentes administracións, poñer un negocio na rede ou familiarizarse con outro tipo de trámites que se poden facer vía internet.

Mediante unha completa programación formativa, con cursos de carácter gratuito sobre a administración elec-

trónica ou as novas tecnoloxías, os alumnos poderán afondar no uso do DNI electrónico, a busca de emprego na rede ou no uso de blogs e redes sociais.

As persoas interesadas nestas actividades poderán achegarse ao Multiusos melidense de 10 a 13 horas para falar co dinamizador do proxecto ou solicitar información a través do correo electrónico melide@parnettic.eu ou na web www.parnettic.eu.

Cafe Vagalume

Ciber Billares Salón de TV

Cantón de San Roque · 15800 MELIDE



CONCELLO DE SANTISO



Promoción turística



Obradoiro de horticultura

Os investimentos
en Santiso ao longo
da última lexislatura



Equipamentos infantís



Abastecemento de auga



Ampliación de estradas

Santiso e Toques promocionan os seus atractivos na Turexpo

O stand de Santiso foi a revelación desta edición da feira turística

Toques acudiu por segunda vez á mostra, ao considerala “boa plataforma”

Un rotundo éxito. Así se pode calificar a participación dos concellos de Santiso e Toques no II Salón Turístico de Galicia, Turexpo 2011, celebrado entre o 25 e o 27 de marzo no recinto feiral de Silleda.

O Concello de Santiso acudiu por primeira vez a este certame para promocionar os seus atractivos turísticos, cun stand no que se integraron o propio Concello e un grupo de casas de turismo rural do municipio.

Santiso foi a auténtica revelación da mostra á vista do público que se congregou no seu posto, decorado con paneis das casas rurais -que divulgaron un vídeo promocional- e cos principais atractivos paisaxísticos do concello. Os visitantes interesáronse por estancias nas casas rurais ou as rutas de sendeirismo. Algo que causou moita expectación foi o ferry que une os concellos de Santiso e Vila de Cruces a través do encoro de Portodemouros, descoñecido pola maioría dos visitantes.

O grupo ‘Gaiteiros da Ponte’



Stand do Concello de Santiso durante a inauguración



O alcalde e persoal do Concello Toques no stand

amenizou a sesión inaugural da feira, na que o Concello de Santiso convidou a doces típicos da zona.

Promoción de Toques

Pola súa banda, o Concello de Toques, que acudiu por segundo ano consecutivo a Turexpo, presentou un vídeo promocional divulgando os paisaxes, patrimonio histórico e gastronomía do concello. Tamén se repartiron entre os visitantes trípticos informativos dos distintos monumentos, como a capela de San Antolín, ou das rutas de sen-

deirismo que percorren o territorio toquense. Dende o consistorio aseguran que esta feira é “unha boa plataforma de difusión dos numerosos atractivos que posúe o noso concello”.

Continuando co plan de promoción turística que leva a cabo o Concello, nos próximos días instalaranse indicadores das oito rutas de sendeirismo existentes no municipio, ademais dun panel informativo no dolmen do Forno dos Mouros, un dos máis importantes e mellor conservados monumentos megalíticos de Galicia.

Toques homenaxeará a Liñeira Fraga o 30 de abril

O Concello de Toques xa ten concretados os actos de homenaxe ó seu veciño Delfino Liñeira Fraga, que se celebrarán o 30 de abril. Está confirmada a asistencia do seu fillo, a súa nora e netos, segundo indicaron dende o Concello toquense.

Liñeira Fraga, que fora membro da CNT, foi condenado e fusilado tras un consello de guerra o 11 de xullo de 1937 na Coruña. Naceu e viviu en Toques ata que se trasladou á Coruña. No municipio toquense vive aínda moita da súa familia.

Os actos conmemorativos iniciaranse ás 18.30 coa colo-

cación dunha placa e unha ofrenda floral no lugar de Piñeiro, onde residiu o homenaxeado. Ás 19.00 horas o historiador e profesor da Universidade de Santiago, Emilio Grandío, analizará a figura de Liñeira Fraga e falará da represión franquista en Galicia, nunha charla que se celebrará no Multiusos de Souto. O programa rematará coa actuación dos cantautores Mini e Mero, membros do grupo A Quenlla.

Como xa fixera con Marcial Villamor, o Concello de Toques quere honrar a memoria de dous veciños que foron vítimas da represión franquista.

Fernando Suárez, novo candidato do PSOE de Santiso



Suárez substitúe a Inés Cajide Val no PSdeG de Santiso

Fernando Suárez Cortiñas será o candidato do PSdeG de Santiso de cara ás próximas eleccións municipais. Suárez, que substitúe a Inés Cajide Val no número un do PSdeG local, comprometeu ante os veciños toda a súa “enerxía e vontade” para representalos. Asegurou que “os votos que acade vounos traducir en votos válidos, non traficarei con eles como

ocorreu noutras ocasións”.

No acto de presentación da candidatura, celebrado o 26 de marzo, Suárez estivo arroupado polo secretario provincial do PSdeG e presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, así como pola deputada autonómica Silvia Fraga e por alcaldes e candidatos socialistas da comarca.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Novas instalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide**

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantón
15809 Santiso

xebre@telefonica.net



Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

Moreda coloca a primeira pedra da estrada a Ribadulla

Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses

O pasado 15 de marzo comezaban oficialmente as obras de mellora da estrada CP-4603 que une o casco urbano de Melide coas parroquias de Visantoña e Ribadulla en Santiso, despois de que o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, colocara a primeira pedra do vial.

Deste xeito dan comezo unhas obras que transformarán por completo a actual estrada, que pasará dos cinco metros de ancho actuais a oito, con 3,5 metros por carril e medio metro de beiravía a ámbol das dúas marxes. Tamén se mellorará o firme, que actualmente presenta moitas irregularidades, o que fai perigoso o tráfico por esta estrada.

Os traballos supoñen unha



Moreda colocou a primeira pedra da estrada a Ribadulla

inversión de 1,2 millóns de euros e teñen un prazo de execución de 12 meses. Dende o organismo provincial agardan que se cumpran os prazos, como así o indicou Fernández Moreda no acto que simbolizou o inicio das obras, no que estivo acompañado pola alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o rexedor de Santiso, Ovidio Leiva, e o responsables locais do PSdeG de Melide e Santiso, Manuel Prado e Inés Cajide.

Moreda reiterou o seu “firme compromiso” con esta actuación, que xa trasladara despois da manifestación veciñal no mes de outubro.

Abastecemento de auga

Aproveitando as obras, dotárase de abastecemento de auga ós núcleos de Santa María, Campos e San Martiño, como o pediu o Concello de Melide. Esta actuación ten un orzamento de 80.000 euros.

O grupo UTM celebrou a súa asemblea xeral ordinaria

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandoe 23 celebrou o pasado 10 de marzo a súa asemblea xeral ordinaria, na que se aprobaron as contas do exercicio 2010 e se presentou o orzamento para o presente ano.

Na reunión, á que asistiron a xerente e o secretario de Asestec-Cca, ratificouse ós novos cargos da Xunta Directiva, que preside o alcalde de Santiso, Ovidio Leiva, trala dimisión da

anterior presidenta, María del Carmen Furelos.

O equipo xerencial dou conta da memoria de actividades que se desenvolveron durante o 2010, ano no que comezou a funcionar de xeito efectivo esta entidade que agrupa a dez concellos.

Ó rematar a xuntanza, os asistentes participaron nunha degustación de produtos típicos das comarcas que xestiona o GDR.

Medra en Verde, outra perspectiva da agricultura



Paula Martínez

Medra en Verde é unha cooperativa de traballo asociado que naceu no 2009 a partir das inquietudes de catro profesionais ligados ao medio rural. Eles son Paula Martínez, Pablo Santos, Senén Blanco e Andrés Castro.

Despois de traballar cada un no seu sector, decantáronse por unir esforzos creando unha empresa que ofrecera servizos integrais para o medio rural. En Medra en Verde -entidade colaboradora coa Consellería de Medio Rural- ofrecen asesoramento agrícola, gandeiro e forestal, tramitación de subvencións, proxectos de explotacións de

todo tipo, traballos veterinarios e formación relacionada coas diversas actividades que se desenvolven no rural.

Dende hai case dous anos, Medra en Verde xestiona a Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar -propiedade do Concello-, na que imparten cursos e organizan diversas actividades con colexios, asociacións e teñen campamentos durante o verán. Na escola difunden as tradicións do medio rural. “Sempre potenciamos unha produción agrícola e gandeira máis sustentable, non só respetuosa co medio ambiente senón tamén economicamente”, indica Paula Martínez.

Os seus proxectos de futuro pasan por difundir máis a escola e convertela nun referente en toda Galicia. Ademais, queren dar un empuxón ao laboratorio de análises agrícolas, a partir do que farán análises a calquera particular. O obxectivo é que non dependan de organismo públicos para facer análises de solos, puríns...

de apretar o cinturón...
que sexa **PATÍÑO**
sairemos!!!....voando.....

de venda en MUXICA TENDA XOVEN
Feito en MELIDE
www.artesaniaencuero.com

**Asociación de
Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial
Aberto**

MEDRA EN VERDE S. Coop. Galega
Solucións agrícolas, gandeiras, forestais e medioambientais
Servizos técnicos de enxeñería, consultoría e formación
Ocio e lecer, granxa escola e campamentos de verán

ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA Tfn: 981.777.461
VILASANTAR - A CORUÑA www.medraenverde.com

Todo preparado para a sétima edición da Foliada de Melide

Celebrarase o III Concurso de Cantos de Taberna na zona dos viños

A sétima edición da Foliada de Melide pechará o mes de abril e abrirá o de maio ó celebrarse os próximos días 30 e 1. Como cada ano, a música das gaitas escoitarase por tódalas rúas da localidade.

Malia que aínda non está pechado totalmente o cartel de grupos que actuarán, na presentación oficial do certame destacou a participación dos grupos Quempallou, Espido e Cé Orquestra Pantasma.

Por terceiro ano consecutivo, veciños e forasteiros poderán gozar do concurso de Cantos de Taberna, no que arredor dunha ducia de grupos percorreren uns dez locais da 'zona dos viños' e serán puntuados polos propios taberneiros.

Como cada ano, tamén haberá mostra de artesanía, teatro, animación de rúa e conferencias sobre as tradicións musicais en Galicia.



A marcha gaiteira percorrerá as rúas de Melide



Por terceiro ano celebrase o concurso de Cantos de Taberna

Mostra adicada á muller

Nesta edición, a mostra preparada pola Asociación Cultural e Musical O Castelo -que organiza a Foliada- preséntase baixo o título 'Elas, que non en

balde son muller', pretende ser unha homenaxe a tódalas mulleres, reivindicando a importancia do xénero feminino dende a idade antiga ata os tempos actuais.

Peña Arcea participa no torneo San Huberto

O campeonato comezou en Fisterra



Membros de Peña Arcea posan coas perdices que bateron

Os nove membros do grupo Peña Arcea de Melide acudiran ao famoso campeonato San Huberto de caza de perdiz con cans adestrados. Entre eles participará o campeón galego do 2009, Eduardo Blanco, máis coñecido como 'Naco', que se presentará co seu fiel compañeiro, Marqués, para intentar acadar un novo logro na súa carreira.

A primeira proba do campeonato celebrouse o 2 de abril nos montes do municipio coruñés de Fisterra. A seguinte parada será en Vimianzo, o próximo 16 de abril.

A competición durará ata setembro, cando terá lugar o campeonato galego, no que se baten os cinco primeiros clasi-

ficados de cada provincia.

A finalidade deste campeonato é a de promover o espírito deportivo do cazador, a súa técnica e as cualidades e adestramento dos cans, mediante unha competición de alto nivel.

Afixo O Muíño de Melide

Os membros de Peña Arcea contan cun afixo, denominado O Muíño de Melide, con recoñecemento a nivel europeo, polo que cada can que crían leva este 'apelido'.

Os membros do colectivo traballan para acadar a celebración dunha proba de San Huberto en Melide, en colaboración coa asociación local de cazadores.

O kaiak volveu ás torrentes de Mácara

Despois de ter que aprazarse a VI edición do Campeonato Galego de Kaiak extremo en febreiro por mor das malas condicións meteorolóxicas, os kaiaks volveron surcar o curso do Alto Ulla nas torrentes de Mácara e Ramil os pasados 19 e 20 de marzo.

Un total de 14 participantes disputáronse o pase para a final, que se celebrou na segunda xornada do campeonato, aínda que houbo máis canoístas que participaron no tramo de exhibición. O gran caudal que levaba o río aumentou a esixencia da competición, que concentrou a varios deportistas procedentes de terras foráneas. Un dos participantes máis mediáticos foi Txus Ruíz de Erentxun, colaborador do famoso programa 'Al filo de lo imposible'.



Un dos participantes atravesa as torrentes de Ramil

O gañador do certame foi Ramón Etxaniz Peñas, do clube Atlético San Sebastián. O primeiro participante galego clasificado e segundo no podio foi Armando Blanco Amboage

do clube Pontecesures.

Durante os dous días houbo dúcias de persoas que seguiron a competición nas beiras do Ulla, gozando ao mesmo tempo da paisaxe da zona.

Ferreiro triunfa en Ávila



O piloto melidense Jesús Ferreiro fíxose coa vitoria no Rally de España Histórico Ávila Digital, que se disputou na provincia de Ávila durante a última fin de semana do mes de marzo.

Jesús Ferreiro e o seu copiloto Javier Anido, co seu Pors-

che 911 RS, foron os líderes indiscutibles da proba, que se celebrou en dúas etapas. Só cederon o primeiro posto no segundo dos dez tramos nos que se dividía a proba, pero finalmente lograron vencer ao segundo clasificado, Toño Sainz.

A Escuela Ayude, líder absoluta do torneo nacional de kick boxing

O equipo local acadou 8 ouros, unha prata e tres bronce

Deportistas e técnicos tiveron unha homenaxe no Concello

O mellor clube de kick-boxing de España. A Escola Ayude de Melide foi o clube que máis medallas acadou na última edición do campionato estatal de kick-boxing na modalidade de light contact, celebrado o 19 e 20 de marzo en Madrid, e no que participaron os 250 mellores deportistas das 16 comunidades autónomas que se presentaron ao certame.

A fazaña da Escuela Ayude resúmese en oito ouros, unha prata e tres bronce. As medallas douradas foron para Sabela Cabado, Patricia López, Mar Riveiro, Miriam Martínez, Mario Varela, Aarón Ayude, Cora Ayude e Bruno Agra. Antía Vázquez conseguiu a única prata e os tres bronce foron para Adrián Miguélez, Cristina Cardeiro e José Conde.

En total, doce metais dos 21 que acadou a selección galega, que acudiu ao campionato con 24 deportistas, a maioría deles pertencentes á escola de deportes de combate melidense.

Por se fora pouco, a melidense Cora Ayude tamén se proclamou campeona de Es-



Selección galega de Kick boxing



Cora Ayude, no centro, co ouro en loita olímpica escolar



Recibimento do Concello de Melide

paña en loita olímpica na categoría escola e acadou o bronce en cadetes.

O equipo ó completo da escola foi recibido pola corpora-

ción do Concello de Melide, que se sumou ás numerosas felicitación que reciben deportistas e técnicos polo seu meritorio traballo.

Cultura pospón a aprobación da ruta do Camiño Francés

Presentáronse case 200 alegacións



Praza do Convento

A Consellería de Cultura e Turismo pospón a aprobación do trazado definitivo do Camiño Francés debido á gran cantidade de alegacións que recibiu o proxecto, un total de 182.

Patrimonio puxo a exposición pública os planos da ruta entre o 1 de setembro e o 31 de outubro de 2010. A Xunta tiña previsto que antes de final de ano se resolveran as alegacións e se aprobara definitivamente o trazado e deste xeito

desenvolver tamén o plan protector do Camiño.

Agora haberá que agardar, polo menos, ata setembro para a aprobación da ruta e ata o 2012 para que se poña en marcha o plan protector.

En Melide, un grupo de particulares presentaron unha alegación -á que se sumou o Concello- para que se establecera un trazado alternativo á ruta oficial ó seu paso polo casco antigo.

O 9 de abril será o V torneo de pesca 'Terra de Melide'

As augas do río Furelos acollerán por quinto ano consecutivo o campionato de pesca 'Terra de Melide', que organiza a Asociación de Troiteiros Río Furelos.

Segundo informaron dende o colectivo, a data límite para inscribirse é o 6 de abril, xa que as prazas son limitadas. As inscricións pódense facer a través da web www.riofurelos.es, ou por medio do correo asociaciontroiteiros@gmail.com ou no número 696607348.

O sorteo de prazas será o 7 de abril ás 13.30 na Cervexería

Orois de Melide.

Os participantes deberán presentarse o sábado 9 de abril ás 7.30 horas na Churreira O Burato, para trasladarse ó río e ocupar cadanseu tramo e comezar a competición ás 8.30 horas. Cada concursante deberá ir acompañado dun xuíz. Ás 13.00 finalizará a competición.

Os troiteiros terán un xantar no Hotel Carlos onde se farán entrega dos premios. A asociación repartirá un total de 2.500 euros en premios e material de pesca.

Curso de monitor de tempo libre en Melide

A Escola Rural de Tempo Libre convoca un curso intensivo de monitor de tempo libre en Melide. A actividade, que está homologada pola Consellería de Traballo e Benestar, desenvolverase en Semana Santa e nas fins de semana do mes de maio.

O curso está destinado a maiores de idade que queiran obter a titulación precisa para

traballar en campamentos, ludotecas... Tamén se impartirá un curso de Iniciación ás Técnicas de Montaña.

Os interesados en participar están convocados a unha reunión o próximo 10 de abril ás 17 horas. Poderán obter máis información no enderezo escola@axenciagalegadetempolibre.com ou a través do número 629 023 482.



Tempos de crise: o paradoxal aumento dos ricos

Santiago Prado Conde (Chago), Antropólogo

Nas últimas semanas saltou a noticia de que o número de millonarios en España aumentou nunha porcentaxe moi significativa, cando as persoas sen acceso a un emprego seguen a bater rexistros históricos. Como é sabido por todos, o que diga non sabelo é porque vive noutro mundo, coas crises sempre houbo quen se enriqueceu. O problema non é enriquecerse coa crise unha vez que se sae desta, ben porque se foi quen de investir os aforros en aquilo que no futuro terá un valor engadido, co risco que supón saber por onde irá o futuro; ou ben porque se foi emprendedor e se arriscou nas épocas duras porque se vía un bo futuro para competir co negocio. O problema sitúase, na miña opinión, nos que se enriquecen durante a crise ou esta é o medio para o enriquecemento, é dicir, as desgrazas duns moitos son as fortunas duns poucos.

Hipotecas que non se pagan, préstamos aos que non se pode facer fronte, luxos doutras épocas que agora están a pasar unha factura no seu mantemento, os aforros de toda unha vida perdidos cando nos garantían que nos enriqueceríamos, e un longo etcétera. Entre outras moitas situacións aos que nos estamos enfrontando os cidadáns de occidente, as expostas sitúanse no campo daquilo que remove o corazón a calquera humano, é dicir, a desgraza dos outros pode tornarse cara a nós mesmos e non nos gustaría atoparnos en situacións coas que diariamente convivimos. Polo tanto, o número de persoas que se están empobrecendo aumenta porque os ingresos das unidades familiares vense reducidos debido á situación de paro e porque o acceso aos bens básicos medrou moi significativamente na última década.

A pesares da situación económica mundial, que está tendo unha influencia moito maior nos países occidentais, as persoas que posúen máis de 1.000 millóns de dólares son moitas no mundo e procedentes do noso Estado son quince segundo a famosa lista Forbes. Á marxe destas grandes fortunas, que a maioría dos seus in-



gresos non se producen no territorio do Estado, senón que o fan en países emerxentes ou a través da localización dun produto por practicamente todo o mundo, o que máis pode chamar a atención é que o número de ricos –aqueles que teñen un patrimonio mínimo dun millón de dólares, excluindo vivenda/s e consumibles (coches, barcos, avións...)– tamén se veu incrementado nunha porcentaxe significativa.

O cidadán normal non acaba a alcanzar na súa lóxica racional e práctica do mundo a que se debe isto, porque as súas preocupacións sitúanse en ter un emprego que permita cubrir as necesidades básicas e algún sobranse para o lecer. As explicacións que nos dan é que aqueles que teñen acceso ao coñecemento das inversións ou daquilo que se denomina Bolsa son os que se están a enriquecer. Unha desigualdade baseada no acceso á información, ao coñecemento e ás relacións co pequeno grupo de expertos ao servizo das grandes fortunas.

Polo tanto, o traballo, tal e como é entendido popularmente, vese redefinido na súa conceptualización. Quizás hoxe teñamos que engadirlle nunha das súas acepcións a capacidade de empobrecer a moitas persoas, porque todo está indicando que o traballo e enriquecemento duns poucos está supoñendo a desgraza e empobrecemento duns moitos. Un paradoxo difícil de entender.

Fai xa tres lustros que Chomsky e Ramonet nos brindaron a magnífica obra titulada “Como nos venden a moto”. O primeiro fixo un repaso polo poder para crear opinión e que ocultaba, por

exemplo, os beneficios que supuxo para algúns poucos a chamada por aquel entón Guerra do Golfo. O segundo alertaba sobre cómo se estaban a construír os novos amos do mundo, mediante os mercados financeiros e as redes de información e xerándose así un pensamento único que fraguaba no culto ao mercado.

A análise, anos máis tarde, non pareceu verse desencamiñada e hoxe asistimos a que a economía de mercado baseada na especulación non se pon en cuestión. Os estados occidentais tiveron que acceder a esta lóxica económica se querían levar a cabo melloras no seu territorio que redundaran o máis rapidamente no benestar dos seus cidadáns, e as empresas, en prol de ser cada vez máis competitivas, tamén se endebedaron ata situarse na actualidade en índices máis que preocupantes.

O problema do endebedamento non é que non se poida pagar, senón que na renegociación da débeda os xuros chegaron a triplicarse e tanto estados como empresas atópanse hoxe coa auga ao pescozo. A pesares disto, o único que se está a pór en cuestión, que incluso chegou ao debate cidadán, son o exceso de dereitos que alcanzaron algúns traballadores, polo que os convenios colectivos en vez de situarse na mellora das condicións laborais inciden na perda de dereitos noutro situación no campo do irrenunciable e, por se isto non abundase, os traballadores cada vez poden facer menos co salario.

A consecuencia do exposto é que hoxe os moi ricos son máis ricos mentres o resto pasan situacións socioeconómicas incomprendibles.

Terra da auga, paga a bula

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Na terra da auga, GALICIA, onde a auga abunda por todos os recunchos, polo visto temos que paga-la bula o mesmo que se pagaba por comer o pouco touciño que nas casas do medio rural se gardaba para as ocasións especiais, sempre e cando os caciques, cregos e feudais, coa bula no peto do paisano, deran o veredito para comer un lisco de carne da que estamos a falar.

A día de hoxe para regar os lameiros, bañarte na túa casa coa traída que naceu de forma espontánea na cabeceira da horta, dos pozos que se fixeron e pagaron os veciños, segundo rumores e feitos xa contrastados que sementou a Xunta, con ameazas de sancións astronómicas, para intimidarnos e adestrarnos aos impostos, coa crise que temos enriba os de “sempre”, arranxan de forma brutal sen contemplacións o tema de xeito abusivo e de forma paulatina, con un inxusto imposto que dá vergoña; de maneira caciquil e feudalista, ou se cadra de xeito ditatorial.

A raíz deste pensamento e reflexións que arestora me salen da testa preguntome, como galego, se eu estou tolo, se subo, se baixo, ou o que din de isto é un pesadelo? Non asume o meu miolo, como o actual goberno de Galicia, intenta asemellarse no capítulo de impostos a “Zapatero” ou que Zapatero fixo copia dos que hoxe nos agreden con este

inxusto cánon, facendo que tantos xubilados do peto cativo, parados, ... non poidan paga-la auga, nin a enerxía para subila do pozo; cuestión que o executivo galego tanto criticaba refiríndose ao anterior goberno da comunidade.

Polo visto, segundo din os labregos, os cambios en política non se fan para acadar melloras que benefician ao populacho, cando menos nesta terra, á que os cidadáns por enriba non defenden, a pesares de presumir de “vivir como galegos.” Isto dío a tele.

Por outra banda cómpre engadir, que na terra da auga, petróleo branco de Galicia, as fontes, regos e ata as goteiras que producen enerxía, para que tamen nola cobren polo alto cando é nosa, pretenden poñerlle impostos a un trago de auga, esquecendo ou querendo esquecer que o 22% da auga de España corre polos nosos regueiros fontes e ríos, tamén en mans éstes de industrias privadas e foráneas, “faránnos de novo voltar aos candelos”.

Para rematar, pedímoslle ao goberno da Xunta que non faga uso da maioría para poñer aos galegos este imposto ridículo e inxusto, tendo en conta que na nosa comunidade, como vimos dicindo, sobra a auga. Non toleramos que se nos amedrente con sancións que nos fan poñer a pel de galiña. Non máis asedio ao pobo chan e sinxelo.

Balance do Xacobeo 2010 e o seu eco mediático

Xosé Núñez López



En primeiro lugar, como é lóxico, sobre todo para os cren-tes, trataremos do eco mediático que tivo o Xacobeo 2010, non só nos medios de comunicación escritos, que neste caso tamén o noso xornal Cerne foi portador dunha chea de novas tanto escritas como gráficas, adicando incluso páxinas ó 'Especial Xacobeo 2010'.

É digno de mención e de valorar moi positivamente o interese que tivo a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, xa no mes de xullo para que canto antes fora fornecido o Albergue de Melide dos mobles que faltaban para un mellor acollemento dos peregrinos que ían chegando cada vez en maior número.

Xosé Domingos Fuciños, un melidense de relevante personalidade e prestixio, tamén publicou algunha crónica sobre a orixe dos Camiños de Santiago neste Ano Santo Compostelano.

E aínda que houbo outros que intentaron ridiculizar a visita do Papa Benedicto XVI a

Santiago de Compostela, cada quen é libre de expresarse ó seu gusto, que para iso estamos en democracia e hai liberdade de expresión para todos e tamén por iso está o refrán que di: 'Sobre gustos non hai nada escrito'. Aínda que tamén lle poderíamos aplicar o outro de: 'Hai gustos que merecen paos'.

O eco que representou para Galicia o Xacobeo 2010, non se limitou ás novas dos medios escritos, xa que o boca a boca ten aínda unha maior importancia, porque chegou a moitos currunchos do mundo, ata onde non chegan os medios escritos. Alí chegaron os peregrinos de volta de facer o Camiño de Santiago.

Para todo galego con sensibilidade de facer patria resultada ata emocionante contemplar o inmenso xentío de forasteiros pacíficos, sobre todo durante o verán, que enchían as rúas melidenses, admirando os nosos produtos culinarios, as nosas impresionantes paisaxes e outras tantas cousas que nós, pola

costume de velas a cotío non lles damos importancia.

Ata primeiros do pasado mes de marzo non foi presentada a Memoria do Xacobeo 2010, segundo a que foron 9 millóns as persoas que visitaron Galicia. Segundo este documento houbo 2.000 actos culturais, ós que asistiron máis de sete millóns de persoas, repartidas en máis de 280 localidades galegas.

Segundo datos publicados a mediados deste mes de marzo de 2011, a resaca do Xacobeo rematou co peche temporal de 32 hoteis durante a tempada baixa. Se en xaneiro do 2010 estiveron funcionando 147 hoteis, no mesmo mes deste ano tan só funcionaron 137.

A Xunta de Galicia declarou este ano 2011 'Ano da Música', como revulsivo para paliar a situación económica da mellor maneira posible, acollendo eventos de primeiro nivel con figuras de relevancia internacional e cun protagonismo fundamental para os artistas galegos.



CURSO DE BENESTAR ANIMAL

ABRIL 2011

(2ª QUINCENA)

OBRIGATORIO PARA:

- CONDUTORES
- COIDADORES
- PERSOAL DE GRANXAS E MATADOIROS

INSCRIPCIÓN:

ASETEM-CCA: 981506188

R/LINO SEXTO SÁNCHEZ, 2 - MELIDE

JUAN MANUEL GONZÁLEZ
608685627

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322

981506188

info@asetem.com

AXENDA ABRIL

-xoves 7: Festa da Hostalería de Melide. Orquestras París de Noia e Fania Blanco Show.

-venres 8: concerto da cantante Cardigan Bridge. Ás 00.00 horas na Sala 600 de Melide.

-sábado 9 de abril: campeonato de pesca Terra de Melide. A competición comeza ás 8.30 horas.

-concerto de Josele Santiago. Ás 00.00 horas na Sala 600 de Melide.

-ata o 20 de abril: mostra de pinturas, esculturas, fotografías do XI Certame de Artes Plásticas ‘Isaac Díaz Pardo’, no Edificio Multiusos de Melide.

-sábado 23 e domingo 24: Aberto de Tenis Eypar en Melide, no pavillón municipal. Os partidos darán comezo ás 10.00 h. Finais: o domingo ás 16.30 h a final feminina e ás 18.45 a masculina.

-ata o venres 29: aberto o prazo de presentación de debuxos para o IV Certame Melindresricos, para rapaces de 3 a 14 anos. Entrega de traballos na biblioteca municipal.

-sábado 30 e domingo 1 de maio: VII Foliada de Melide. Pasarrúas, teatro, mostra de artesanía, animación de rúa, conferencias... III Concurso de Cantos de Taberna. Actuacións dos grupos Quempallou, Espido e Cé Orquestra Pantasma.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓN	
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Urxencias	062	Correos	902197197
Melide	981505007	Auga	981242322
S.O.S		Electricidade	981147200
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760
Protec.Civil.	670498848		
TRANSPORTES		MELIDE	
RENFE		Casa do Concello	981505003
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012
Autobuses		Consevatorio	981507100
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822
		Centro Ocupacional	981505003
		SANTISO	
		Casa do Concello	981818501
		Centro de Saúde	
		Agrochao	981517803
		Visantoña	981510749
		Xulgado de Paz	981 818501
		SOBRADO	
		Casa do Concello	981787508
		Desenvolvemento local	981787508
		Centro de Saúde	981787744
		Mosteiro de Sobrado	981787509
		Xulgado de Paz	981787508
		TOQUES	
		Casa do Concello	981505826
		Centro de Saúde	981507301
		Xulgado de Paz	981505826

XOSÉ LEÓN, FROITAS LEÓN

“Nas nosas froiterías ofrecemos a máxima calidade do mercado”

Froitas León naceu en Arzúa no 1990 como almacén de froita que distribuía a pequenas tendas, pero co paso do tempo, os irmáns León decidiron montar as súas propias tendas. Actualmente contan con nove establecementos e empregan a 15 persoas. Teñen en mente abrir outras tres tendas

nun futuro próximo “para acadar maior competitividade”. Xosé León destaca a máxima calidade dos seus produtos, algo que lles permite competir coas grandes superficies. Defende a existencia do pequeno comercio nas vilas “porque é o que move a economía e axuda a que haxa vida”.

-Froitas León é unha empresa familiar cunha longa traxectoria no mercado

-Comezamos no ano 90, cun almacén de froita en Arzúa. Primeiro tiñamos un almacén e distribuíamos froita a pequenas tendas. Meu irmán Antonio e máis eu fomos os fundadores, logo uníronse as nosas irmás Aurora e Milagros.

-Os tempos foron cambiando e decantáronse por montar as súas propias tendas

-As tendas ás que servíamos foron pechando, fóronse xubilando os propietarios. Tamén cambiou o modelo de comercio. Decidimos montar as nosas tendas. Comezamos xestionando a froitería dun supermercado en Arzúa, pero logo montamos unha froitería independente.

-A día de hoxe contan con 9 tendas na zona

-Temos froiterías en Arzúa, Melide, Lalín, Silleda, Ordes e catro en Santiago.

-Con tantas froiterías que existen, cómo lles resultou atopar un oco no mercado?

-Non foi fácil porque se vende froita en supermercados, hipermercados, nas tendas máis pequenas e nas froiterías propiamente ditas. Nós diferenciámonos pola calidade, procuramos ter sempre todo fresco e tódolos días. Nas nosas froiterías sempre temos a máxima calidade que existe no mercado. É a vantaxe coa que xogamos e por iso nos foi un pouco máis fácil abrir camiño.

-Son unha competencia



Xosé León na súa froitería da rúa Progreso de Melide

real as grandes superficies para as pequenas froiterías?

-A nivel de prezos non. Só teñen mellores ofertas nunhas referencias particulares, pero non son máis baratas as grandes superficies que as froiterías, máis ben é o contrario. Na froita podemos competir bastante coas grandes áreas comerciais. En canto á calidade tamén, porque eles teñen moitas referencias e moito máis traballo polo que non poden pararse a mimar a froita como o facemos nós.

-Cal é a súa especialidade?

-O noso forte é a froita, pero tamén traballamos hortalizas e verduras. Apostamos pola froita de tempada e do país, que é a que mellor sabe. Tamén traballamos moito pe-

mento de Padrón.

-Onde mercan os seus produtos?

-No mercado central da Coruña, en Madrid e tamén contamos con provedores en Lleida, Murcia e Huelva.

-De tódolos xeitos, chega moita froita de fóra

-Vén moita froita de Marrocos ou de América. E moitas veces existe a picaresca de que se vende como se fose de aquí. Nós non entramos nese xogo. Queremos darlle o mellor ó cliente e non enganalo nese sentido, porque coñece moi ben o produto e ó comelo sabe cando é de calidade ou non.

-Oscilan moito as vendas dependendo das tempadas?

-Nas vilas como Melide ou Arzúa é moito máis forte o verán, porque tamén aumenta a poboación ó vir moita xente de fóra. Ademais, cambian os hábitos de alimentación e apetece máis a froita de óso, tomates, pementos e xudías do país. No inverno o que máis se vende son laranxas, mandarinhas e mazás.

-En que grao lles está afectando a crise?

-Non nos afecta tan de golpe como lle pode afectar a outros sectores, porque a xente ten que alimentarse tódolos días, pero si que notamos que os clientes miran moito máis os prezos e as ofertas. As vendas reducíronse sobre un 25 ou 30%. Os últimos seis meses do ano pasado foron bastante frouxos. Setembro, outubro e

“Podemos competir coas grandes áreas comerciais nos prezos e, sobre todo, en calidade”

“As vendas reducíronse arredor dun 30%. Os últimos seis meses do ano pasado foron frouxos”

novembro son xeralmente meses baixos nas vendas, pero dende hai un ano para aquí nótase que a crise está aí.

-Cales son os seus proxectos para o futuro?

-Temos previsto abrir outras tres tendas máis nos próximos meses para chegar a unha ducia de tendas e conseguir ser máis competitivos e comprar a mellor prezo para poder vender a mellor prezo. Estamos mirando o mercado e establecerémonos onde haxa un fluxo de poboación grande. Pero sempre nas vilas dos arredores, para que nos quede cómodo para o reparto. Tamén imos construír unhas novas instalacións no polígono industrial de Arzúa, con máis de 1.000 metros, para facer a distribución dende alí.



30 abril/1 maio
2011

concurso de cantos de taberna
marcha gaiteira/serán

artesanía/conferencias/animación de rúa/teatro

quem pallou/espido

cé orquestra pantasma (home orquestra)